


CMUS



Reveriano Soutullo

# **PROGRAMACIÓN DE VIOLA**

GRAO ELEMENTAL E PROFESIONAL

DEPARTAMENTO DE CORDA

---

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.</b>	<b>4.</b>
<b>2. OBXECTIVOS DAS ENSEÑANZAS MUSICAIS.</b>	<b>5.</b>
· 2.1. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL	
· 2.2. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL	
<b>3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.</b>	<b>7.</b>
<b>4. METODOLOXÍA.</b>	<b>8.</b>
<b>5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.</b>	<b>10.</b>
<b>6. TEMAS TRANSVERSAIS.</b>	<b>11.</b>
· 6.1. EDUCACIÓN EN VALORES	
· 6.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)	
<b>7. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS.</b>	<b>12.</b>
<b>8. SECUENCIACIÓN POR CURSOS.</b>	<b>13.</b>
· <b>CURSO 1º G.E</b>	
· 8.1.1. OBXECTIVOS	
· 8.1.2. CONTIDOS	
· 8.1.3. AVALIACIÓN	
· 8.1.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
· 8.1.5. RECURSOS DIDÁCTICOS	
· <b>CURSO 2º G.E</b>	
· 8.2.1 OBXECTIVOS	
· 8.2.2. CONTIDOS	
· 8.2.3. AVALIACIÓN	
· 8.2.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
· 8.2.5. RECURSOS DIDÁCTICOS	
· <b>CURSO 3º GE</b>	
· 8.3.1. OBXECTIVOS	
· 8.3.2. CONTIDOS	
· 8.3.3 AVALIACIÓN	
· 8.3.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
· 8.3.5. RECURSOS DIDÁCTICOS	
· <b>CURSO 4º GE</b>	
· 8.4.1. OBXECTIVOS	
· 8.4.2. CONTIDOS	
· 8.4.3. AVALIACIÓN	
· 8.4.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
· 8.4.5. RECURSOS DIDÁCTICOS	
· <b>CURSO 1º GP</b>	
· 8.5.1. OBXECTIVOS	
· 8.5.2. CONTIDOS	
· 8.5.3. AVALIACIÓN	
· 8.5.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
· 8.5.5. RECURSOS DIDÁCTICOS	

---

**·CURSO 2º GP**

- 8.6.1. OBXECTIVOS
- 8.6.2. CONTIDOS
- 8.6.3. AVALIACIÓN
- 8.6.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- .6.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

**·CURSO 3º GP**

- 8.7.1. OBXECTIVOS
- 8.7.2. CONTIDOS
- 8.7.3. AVALIACIÓN
- 8.7.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 8.7.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

**·CURSO 4º GP**

- 8.8.1. OBXECTIVOS
- 8.8.2. CONTIDOS
- 8.8.3. AVALIACIÓN
- 8.8.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 8.8.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

**·CURSO 5º GP**

- 8.9.1. OBXECTIVOS
- 8.9.2. CONTIDOS
- 8.9.3. AVALIACIÓN
- 8.9.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 8.9.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

**·CURSO 6º GP**

- 8.10.1. OBXECTIVOS
- 8.10.2. CONTIDOS
- 8.10.3. AVALIACIÓN
- 8.10.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 8.10.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

---

## **1. INTRODUCCIÓN.**

A presente programación está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación realizada a partir do currículo vixente para a materia de **VIOLA** dentro do Grao Elemental e Profesional. Inclúense os obxectivos e contidos, a metodoloxía, a avaliación (criterios e procedementos), materiais e recursos didácticos empregados e directrices de atención á diversidade.

Tamén se inclúen certos apartados que, se considera teñen unha importancia vital para que o docente coñeza ós seus alumnos e, desde xeito, poida encauzar máis eficazmente, a acción educativa: características do alumnado, relación cos estudos xerais, relación interdisciplinares, competencias, etc.

No que se refire aos elementos básicos do currículo, a presente programación contempla a secuencia de contidos para os dez anos, nos que se imparte a materia, tanto os obxectivos como os criterios non se secuencian e, simplemente, respectan os presentes no currículo, xa que son suficientemente concretos.

Os criterios de avaliación están formulados segundo os obxectivos asumindo os do currículo. A temporalización trimestral dos contidos, non presente presentar unha programación pechada e definitiva, senón un elenco aberto de contidos e enfoques útiles para a formación do alumnado. É, simplemente, unha proposta con diferentes posibilidades á disposición do docente, aberta, variable e flexible.

## **FUNDAMENTACIÓN LEGAL.**

A presente Programación Didáctica baséase, en primeiro lugar na *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio*, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade. Por iso, todos os departamentos didácticos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a *LOE*, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os *Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro*, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das Ensinanzas de Réxime Especial de Música.

Este decreto complementábase co *Decreto 223/2010, do 30 de setembro*, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a *Orde do 4 de agosto de 2011* que desenvolve o citado decreto.

Por último, é necesario ter en conta a *Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación* pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

---

## **2. OBXECTIVOS DAS ENSIANZAS.**

### **2.1 OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL.**

O grao elemental das ensinanzas de música contribuíu a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e o galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### **2.2 OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL.**

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

- 
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contextos históricos.
  - Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
  - Fomentar una imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.
  - Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
  - Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
  - Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
  - Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordó coas esixencias das obras.
  - Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
  - Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
  - Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
  - Actuar en publico con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

---

### **3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.**

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

---

## **4. METODOLOXÍA.**

A metodoloxía do ensino musical require de un tratamento especial segundo o tema que se aborde en cada momento, o perfil psicolóxico de cada alumno e as súas características específicas.

### **METODOLOXÍA ORIENTATIVA:**

- Ensino do instrumento é individualizada no seu maior parte, aínda que pode incluír clases colectivas.
- Estilo de ensino é recíproco, é dicir que o profesor dá coñecementos ao alumno, pero este tamén investiga e pregunta achega das súas inquietudes, sacando as súas propias conclusións.
- Os medios que podemos utilizar nas clases poden ser auditivos (*discos, grabacions*), escritos (*partituras, textos*), audiovisuais (*videos, retroproyectores, fotografías*) e materiais (*tubos, pelotas, aparellos de respiración, etc...*)

Os **PRINCIPIOS METODOLOXICOS** que rixen a elaboración desta programación didáctica dotandoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** o carácter instrumental da especialidade de **VIOLA** require da practica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na ensinanza.
- **Autonomía:** cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais así como nos ensaios colectivos, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisión por si mesmo.
- **Creatividade:** ó tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir cos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** a nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e efectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións ou pequenos cambios que fosen precisos na temporalización dos contidos.
- **Convicencia:** cando as actividades requiran dun traballo en equipo fomentárase en todo momento o mellor clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** esta será unha das vías de motivación que empregaremos, terá aplicación reais.
- **Interdisciplinidade:** buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que curso o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.



---

Os **MÉTODOS DIDÁCTICOS** a decidir para esta programación didáctica tiveronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realizarase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situación. Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:
  - Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten una finalidade, así como fomentando o bo clima da clase, a autoconfianza, etc.
  - Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
  - Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica
  - Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

---

## **5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Faise necesario considerar a atención ao *ANEE* (*alumnado con necesidades educativas específicas*), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral).

### **ALUMNADO ESTRANXEIRO.**

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (*ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgunhas zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental*). O principio de integración pasa por cooidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (*por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..*). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

### **SUPERDOTACIÓN INTELECTUAL.**

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media.

O *Real Decreto 943/2003*, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, trata no seu *Artigo 9* os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveles para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelctual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no *RD 943/2003*, ou ben elaborando actividades de ampliación (*é decir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso*), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

---

## **ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.**

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (*reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación*).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera nesta programación didáctica. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero si déseese ese caso, tomáranse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

## **6. TEMAS TRANSVERSAIS.**

### **6.1 EDUCACIÓN EN VALORES.**

Con esta programación farase fincapé na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (*Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero*): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.

- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (*Educación para a Saúde*). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.

- Educación ambiental, respecto pola natureza e dos seres vivos.

- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapé na tradición propia como estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

### **6.2 TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).**

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (*TIC*) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

---

## 7. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

Dentro do Proxecto Educativo de Centro do noso Conservatorio, referente ás normas de organización e funcionamento, establécese que estas actividades se poderán clasificar en actos institucionais, cursos e clases maxistras, audicións e outros.

O alumnado terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanza que se organicen dende o departamento, agás nas audicións, onde si deberán participar.

A organización de todas as actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio corresponden, como norma xeral, ao Equipo de Actividades Culturais e á Vicedirección como coordinadora do dito equipo. Para todas estas actividades agás as audicións de aula (*non sendo casos especiais que así o requiran*), establecerase un plan de actuación que pode ser consultado no Proxecto Educativo do Centro anteriormente citado.

### CAPÍTULO 1º. ACTOS INSTITUCIONAIS

No curso académico 2016/2017 decidiuse iniciar a institucionalización dunha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do Centro. Seguindo esta liña de continuidade o Departamento Didáctico colaborará, cando sexa posible, nos seguintes actos:

- **CONCERTO DE APERTURA DO CURSO ACADÉMICO.**

- **CONCERTOS BENÉFICOS:** en colaboración con entidades benéficas, coa posibilidade de recadación de donativos. Así mesmo, intentarase celebrar fóra do Centro, nalgún lugar que garanta a maior difusión posible.

- **CICLOS DE CONCERTOS:** como por exemplo o Ciclo de Primavera onde se convida a solistas e agrupacións tanto externas como formadas por membros do claustro.

- **ACTOS DE GRADUACIÓN:** Alumnado que remata os estudos do 6º curso do grao profesional.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio Centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección e divulgación da nosa tarefa didáctica.

### CAPÍTULO 2º. CURSOS E CLASES MAXISTRAIS

Os cursos e clases maxistras a realizar, unha vez aprobados no seo do departamento correspondente trasladaranse ao Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do Centro.

No caso de que o Departamento teña algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar. No caso de haber orzamento para as actividades, será o Consello Escolar quen estableza os criterios de distribución do mesmo.

---

### **CAPÍTULO 3º. AUDICIÓN**

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, o departamento organizará audicións do alumnado que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso.

Ditas audicións serán públicas e se realizarán en tres períodos ao longo do curso, coordinadas pola Vicedirección.

Solicitarase dos departamentos colaboración para a elaboración de calendarios coas propostas de datas para organizar as diferentes audicións ao longo do curso. Estas propostas serán estudadas pola Vicedirección para poder adxudicar datas, espazos e horarios definitivos.

A Aula Instrumental en colaboración co Departamento Didáctico organizará como mínimo tres audicións ao longo do curso, nas que o alumnado deberá participar interpretando as obras programadas como mostra do traballo realizado na clase.

### **CAPÍTULO 4º. OUTROS**

O Conservatorio colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos como os concertos pedagóxicos, concertos no Auditorio Municipal do Concello de Ponteareas, entre outros.

O Departamento Didáctico colaborará na medida do posible motivando e preparando ao alumnado para que participe nestas actividades.

---

## 8. SECUENCIACIÓN DO CURSO.

### CURSO 1º G.E.

#### 8.1.1. OBXECTIVOS.

- Tomar conciencia da necesidade dun bo equilibrio corporal para abordar a técnica instrumental.
- Sensibilizar ao alumnado das características básica do instrumento así como do seu coidado e mantemento.
- Describir a correcta colocación do arco e da viola e aplicala na execución de pezas ou exercicios axeitados ao nivel requerido.
- Adquirir unha axeitada posición da man e brazo esquerdos.

#### 8.1.2. CONTIDOS.

- Características e mantemento do instrumento: nocións básicas.
- Iniciación á lectura na clave de Do na 3ª liña.
- Exercicios para acadar un bo equilibrio corporal, un bo ritmo e a educación do movemento como base para abordala técnica instrumental.
- Exercicios para a correcta colocación do arco e da viola.
- Colocación da man esquerda e dominio das dúas primeiras formacións dos dedos da man esquerda na primeira posición ( semitono entre 2º e 3º dedos, e entre 1º e 2º).
- Escalas e arpexios correspondentes a estas dúas formacións.
- Golpes de arco sinxelos: detaché, staccato e legato.
- Utilización de distintas articulacións e comprensión elemental da distribución do arco.
- Pizzicatos coas dúas mans.
- Exercicios para o dominio e fortalecemento do 4º dedo da man esquerda.
- Exercicios básicos de cambio de corda.
- Iniciación ó desprazamento do arco sen contacto coa corda.
- Utilización de diferentes matices e dinámicas.
- Memorización de fragmentos ou pezas simples.
- Desenrolo da lectura a primeira vista.
- Interpretación de pezas en grupo e con acompañamento de piano.

#### 8.1.3 AVALIACIÓN.

##### CRITERIOS E AVALIACIÓN:

- Cumprimento dos obxectivos propostos para o curso tendo en conta os criterios de avaliación continua. O finalizar cada trimestre, a materia non superada, acumularase para o seguinte, deste xeito téñense en conta os diferentes procesos de asimilación.
- No caso de que o alumno tivese o 20%, mediante unha proba terá que demostrar os contidos mínimos. ( *Os obxectivos e contidos a acadar, son os mesmos*).

- 
- Asistencia a clase con regularidade.
  - Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
  - Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
  - Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
  - Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
  - Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
  - Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
  - Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.

#### PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder solventalas no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao término de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar qué obxectivos e en qué grao se obtiveron.

Para poder levar a bo término os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Non se pretende facer unha lista pechada, establécense nesta programación unha serie de procedementos que poderán ser ampliados polo profesor si este o considerase oportuno. Esta serie básica de “ferramentas” quedaría redactada como continua:

- Adaptación aos obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.
- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos: realización de probas trimestrais, audicións, etc.
- Resultados expresados mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.
- Comunicación escrita do resultado da avaliación aos alumnos e aos pais dos alumnos menores de idade.
- Os alumnos que obteñan unha cualificación inferior a 5 na avaliación final do mes de xuño, terán dereito a unha convocatoria extraordinaria nos primeiros días do mes de setembro.

---

· Avaliación e cualificación final ao rematar o curso. No caso de obter unha cualificación inferior a 5, o profesor elaborará un informe no que se especificarán os obxectivos que non foron correctamente acadados, e propóranse unha serie de actividades de reforzo e mellora.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Porcentaxes que se aplicarán á hora de avaliar:

· Traballo técnico 40%, Aspectos interpretativos e musicais 40%, Actitude, interese e comportamento 20%.  
Total 100%.

Calibración e Homoxeneización:

· A materia de viola ten un só profesor.

#### CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE MATRÍCULA:

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado.

O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ó que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación. O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

#### 8.1.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

Procedementos de recuperación ordinarios: o proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

A recuperación realizarase ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o alumnado teña unha maior dificultade.

Probas extraordinarias de setembro: Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co



---

profesor do instrumento amosando que alcanzou os obxectivos mínimos do curso. Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

### **8.1.5. RECURSOS DIDÁCTICOS**

#### *RECURSOS DO CENTRO:*

- Servizo de biblioteca e fonoteca.

#### *RECURSOS HUMANOS:*

- Pianista Acompañante.

#### *RECURSOS MATERIAIS:*

· Atrís, pizarra pautada, armarios, mesas, cadeiras, espello, colchonetas, piano, libros, obras, métodos, apuntes, fotocopias, afinador e metrónomo, material didáctico persoal, o instrumento e instrumentos afíns.

#### *MATERIAIS DIDÁCTICOS:*

- B. Garlej-J.F. Gonzales: Método de Viola. Vol.1
- Rodionov: Mozo violinista vol. I
- Baklanova: Primeiras leccións de violín
- Garlitzky: Selección de estudos
- E. Mateu: A viola. Iniciación.
- B. Volmer: Bratschenschule Vol. I: da páx. 1 á 4.
- S. Applebaum: Eady Etudes for string.
- K.-H. Colledge: Stepping Stines.
- K.-H. Colledge: Waggon Wheels.
- S. Nelson: Piece by piece. Vol. 1

#### *CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:*

- 3 ou 4 escalas
- de 6 a 8 estudos
- 3 ou 4 obras de forma curta
- 2 obras de forma ampla

---

## CURSO 2º GE.

### 8.2.1. OBXECTIVOS.

- Continuar e desenrolar os obxectivos do curso anterior.
- Saber tocar escalas e arpexios utilizando todas as formacións da man esquerda na primeira posición, combinando diferentes ritmos e os golpes de arco traballados no curso.
- Tocar estudos e pezas que inclúan todas as formacións dos dedos da man esquerda, golpes de arco elementais e elementos básicos de fraseo, a só, con acompañamento de piano e tamén en grupo.
- Amosar facilidade na memorización e lectura a primeira vista de fragmentos axeitados ó nivel.

### 8.2.2. CONTIDOS.

- Continuación e desenrolo dos contidos do curso anterior.
- Lectura da clave de Do en terceira liña.
- Traballo de todas as formacións dos dedos da man esquerda, en primeira posición. Escalas e arpexios nestas formacións.
- Coñecemento e manexo básico dos golpes de arco e a súa utilización en escalas, arpexios, estudos e obras: detaché, martelé, legato e staccato. Correcta distribución do arco e aplicación de distintas articulacións.
- Ampliación dos recursos musicais e expresivos.
- Exercicios preparatorios para o cambio de posición e o vibrato.
- Comprensión e aplicación dos distintos termos musicais do repertorio traballado: a tempo, da capo, dolce, tempo...
- Memorización de fragmentos ou pezas axeitadas ó nivel e desenrolo da lectura a primeira vista.
- Interpretación de dúos, pezas en grupo e con acompañamento de piano.
- Exercicios para o control básico da afinación, utilizando intervalos de 2a, 3a, 4a, 5a e 6a coa corda ó aire.
- Iniciación aos harmónicos naturais.
- Exercicios para o movemento vertical, horizontal e transversal dos dedos da man esquerda.
- Control do desprazamento do arco sen contacto coa corda.

### 8.2.3. AVALIACIÓN.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Tocar de memoria unha escala e unha obra das traballadas en cada avaliación, nas audicións trimestrais que se realizarán durante o curso.
- Tocar como solista en público, polo menos unha vez no curso, con seguridade e control da situación obras representativas do seu nivel.

- 
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
  - Tocar de memoria na clase colectiva algunha obra ou estudo.
  - Actuar como membro dun grupo sendo capaz de tocar á vez que se adapta aos compañeiros.
  - Mostrar nas clases colectivas respecto pola actividade musical dos compañeiros e ser capaz de coordinar a súa coa dos demais.
  - Mostrar na práctica a súa capacidade para: tomar correctamente o arco, manter un bo punto de contacto e unha traxectoria adecuada do arco, colocar correctamente o brazo e man esquerdos, usar eficazmente as diferentes partes de ambos os brazos, tocar exercicios e obras en diferentes posicións e con extensión. Man esquerda: Colocación, dixitación e articulación. Afinación. Realizar cambios de intensidade sobre unha nota.
  - Tocar con certa expresividade.

#### PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder solventalas no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao término de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar qué obxectivos e en qué grao se obtiveron. Para poder levar a bo término os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno. Non se pretende facer unha lista pechada, establécense nesta programación unha serie de procedementos que poderán ser ampliados polo profesor si este o considerase oportuno.

Esta serie básica de “ferramentas” quedaría redactada como continua:

- Adaptación aos obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.
- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos: realización de probas trimestrais, audicións, etc.
- Resultados expresados mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.
- Comunicación escrita do resultado da avaliación aos alumnos e aos pais dos alumnos menores de idade.
- Os alumnos que obteñan unha cualificación inferior a 5 na avaliación final do mes de xuño, terán dereito a unha convocatoria extraordinaria nos primeiros días do mes de setembro.
- Avaliación e cualificación final ao rematar o curso. No caso de obter unha cualificación inferior a 5, o profesor elaborará un informe no que se especificarán os obxectivos que non foron correctamente acadados,

---

e proponerse unha serie de actividades de reforzo e mellora.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Porcentaxes que se aplicarán á hora de avaliar: Traballo técnico 40%, Aspectos interpretativos e musicais 40%, Actitude, interese e comportamento 20%. Total 100%.

Calibración e Homoxeneización:

a materia de viola ten un só profesor.

Criterios para a concesión de matrícula:

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ó que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os

profesores/as, que emitirán unha cualificación. O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

#### 8.2.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Procedementos de recuperación ordinarios:

Para superar as probas de cada curso do Grao Elemental, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación. Probas extraordinarias de setembro: Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor do instrumento amosando que alcanzou os obxectivos mínimos do curso. Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

#### 8.2.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

*RECURSOS DO CENTRO:*

· Servizo de biblioteca e fonoteca.

*RECURSOS HUMANOS:*

· Pianista Acompañante.

*RECURSOS MATERIAIS:*

- Atrís, pizarra pautada, armarios, mesas, cadeiras, espello, colchonetas, piano, libros, obras, métodos, apuntes, fotocopias, afinador e metrónomo, material didáctico persoal, o instrumento e instrumentos afíns.

---

### *MATERIAIS DIDÁCTICOS:*

- B. Garlej- J. F. Gonzales: Método de Viola. Vol. U
- Rodionov: Mozo violinista vol. I
- Baklanova: Primeiras leccións de violín
- Garlitzky: Selección de estudos
- Shradik: Exercicios
- Sevcik: Escola da técnica Op.1 -parte primeira-
- B. Volmer: Bratschenschule Vol I: da páx.5 á 32.
- S. Applebaum: Eady Etudes for strings.
- E. Mateu. Escalas e Arpexios.
- S. Applebaum: Building Technic with beautiful music.Vol.I e II.
- M. T. Chailley: Exercicios de entretemento e pezas breves.

### **OBRAS**

- Viguerio: Sonatina en Do
- H. Classens: L'alto Classique Vol. A
